

**EXPEDIENTE 867/2024: OUTORGAMENTO DA SUBVENCIÓN Á ASOCIACIÓN DE MULLERES RURAIS EMILIA PARDO BAZAN SANXENXO ARTICULADA MEDIANTE CONVENIO DE COLABORACIÓN.**

**ASUNTO: OUTORGAMENTO DA SUBVENCIÓN.**

**RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA**

Visto o expediente instruído para a concesión da subvención á Asociación de Mulleres Rurais Emilia Pardo Bazán Sanxenxo , en concepto de axuda co obxecto de contribuír cos gastos necesarios para paliar o custo do aluguer do local e colaborar de maneira directa na reactivación da actividade sociocultural no noso Concello.

Consta no expediente a seguinte documentación:

- Solicitud de subvención nominativa presentada pola Asociación o día 28 de outubro de 2025 (Rexistro nº 1681) xuntando toda a documentación requirida.
- Borrador do Convenio de colaboración entre o Concello de Sanxenxo (a través do O.A.Terra) e a Asociación de Mulleres Rurais Emilia Pardo Bazán Sanxenxo para regular o outorgamento da subvención.
- Solicitud da presidencia para a emisión do informe de control financeiro de intervención (24/11/2025).
- Informe Xurídico favorable o 26 de novembro de 2025.
- O informe de fiscalización emitido pola intervención xeral municipal do 28 de novembro do 2025 no que se informa favorablemente o outorgamento dunha subvención de 6.000 euros á Asociación de Mulleres Rurais Emilia Pardo Bazán Sanxenxo, tramitándose a subvención a través do O.A Terra de Sanxenxo.
- Convenio de colaboración entre o Concello de Sanxenxo (a través do O.A.Terra) e a Asociación de Mulleres Rurais Emilia Pardo Bazán Sanxenxo para regular o outorgamento da subvención, asinado o 17 de decembro de 2025.



## O.A. Terra de Sanxenxo

---

Á vista dos antecedentes expostos, esta Presidencia, resolve:

**PRIMEIRO:** Conceder a subvención de seis mil euros (6.000) á Asociación de Mulleres Rurais Emilia Pardo Bazán Sanxenxo, de acordo coa execución do convenio asinado entre as partes.

Esta subvención se suxeitará a todas as regras de xustificación das subvencións establecida na lexislación vixente.

**SEGUNDO:** Publicar na Base de Datos Nacional de Subvencións, a través da plataforma informática correspondente, o outorgamento da subvención.

**TERCEIRO:** a remisión da presente resolución á Asociación de Mulleres Rurais Emilia Pardo Bazán para os efectos oportunos.

**DOCUMENTO ASINADO ELETRONICAMENTE**

